

SON E PRODUCCIÓN MUSICAL

1. Empecemos polo principio.

- Son.
- Acústica de recintos.
- Sistemas de escoita.
- Expectativas sobre o son.

2. O proceso.

- Captación.
- Gravación.
- Edición e mistura.
- Mastering.

3. Reconsideracións.

- Analóxico vs. dixital.
- Frescura vs. perfección.
- Producción comercial vs. alternativa.

4. Como chegamos ata aquí?

- A industria discográfica.
- O futuro do negocio da música.

Coincidindo coa celebración da VI edición do **CASTAÑAZO ROCK** e dentro da súa dinámica de incluír no programa unha variedade de actos culturais, este ano terán lugar os **1^{OS} OBRADOIROS DE BAIXO, BATERÍA GUITARRA E PRODUCCIÓN MUSICAL**, que serán impartidos por personalidades de recoñecido prestixio dentro do panorama musical galego, e incluso alén das nosas fronteiras.

Estes obradoiros van encamiñados a promocionar a iniciación na experiencia musical, ben através dun instrumento dos tres xa sinalados, ben utilizando as novas tecnoloxías e a produción musical.

Para iso recorreremos a persoeiros do panorama musical que, a parte da súa probada técnica, contan cun amplo bagaxe dentro dos escenarios e os estudos de gravación. Son miles de horas adicadas á música cunha boa chea de experiencias e anécdotas que van máis aló do que é a pura técnica instrumental.

Tamén é unha boa oportunidade para coñecer de cerca o valor humano e o traballo que hai detrás dun disco ou unha actuación. Así mesmo, o resultado que ten na vida dunha persoa esa experiencia, inesquecible, que é o mergullamento no mundo da música, e de como a deixará marcada para sempre. A todo isto podemos sumar, que o que comeza como un pasatempo, pode chegar a ser un medio de vida perfectamente válido.

Os obradoiros son **independentes** e celebraranse todos **simultaneamente** o día **1 de novembro do 2008** en distintos locais de Chantada.

O número de prazas por obradoiro estará limitado a **un máximo de 15** e serán atendidas por rigoroso orde de recepción.

O horario será de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 horas.

Para inscribirte:

Envía un E-mail a: ocastanazo@yahoo.com cos teus datos (Nome e apelidos, idade, en que obradoiro te queres inscribir, e un teléfono de contacto). Nós enviamosche un mail, aceptando a túa pre-inscripción, co número de conta da asociación cultural **O Castanhazo**, onde deberás realizar o ingreso **antes de 2 días laborables** (facemos isto debido á que as prazas son limitadas e para aceptar as solicitudes por rigoroso orde de recepción). En canto confirmemos que así o fixeches xa che remitimos por correo electrónico e teléfono a confirmación da túa inscrición e toda a información que necesitas para ese día.

Prezo de inscrición: 26 €

Máis información e contacto:

www.castanhazo.com
www.myspace.com/ocastanazo
ocastanazo@yahoo.com



CASTAÑAZO ROCK ★ 2008

1^{OS} OBRADOIROS DE ROCK

GUITARRA (Alberto Cereijo)
BAIXO (Pedro Feijoo)
BATERÍA (Fran Amil)
PRODUCCIÓN MUSICAL (Javier Abreu)



JAVIER ABREU (1965)

Ten máis de **100 discos gravados**, produciu máis de **30**. Fundador e director do primeiro estudio de gravación profesional de Galicia (**Planta Sónica, Vigo**) e do primeiro dixital (**Fusión Audio**). Fundador e director de **MAN Records** cunha trintena de referencias de distintos artistas. Actualmente é fundador e director dos **Estudios Océano** (Nigrán).

Premio **MAKETON ESTRELLA GALICIA** ó mellor Produtor (2002).

É técnico de son e produtor de eventos musicais. Traballou con **Los Piratas, Lombardi, Gira Movistar 2002**, etc.

Fixo o deseño acústico e a dirección de obra do **Estudio de Gravación da Facultade de CC.SS. de Vigo**, dos estudos **Fusión** e de **Océano Estudio**.

Profesor en cursos de **Extensión Universitaria** na Univ. de Vigo: **Son e gravación musical, sonorización e produción musical, e son e programación MIDI**.

Profesor do curso **"Estudio de gravación dixital e uso de Pro Tools"** impartido a profesorado e técnicos da **Fac. de CCSS da Univ. de Vigo**.

Profesor de **Gravación Musical** na **Escola de Imaxe e Son de Vigo**.

Guitarrista e multi-instrumentista, músico de sesión en máis de **30** discos.

GUITARRA

1. Durante as primeiras 3 horas da mañá explicaranse:

- Acordes.
- Escalas.
- Arpexos.
- Técnicas de arranxos.

2. Todo isto utilizando cancións, de xeito que se perciba directamente a conexión entre un apartado técnico e a súa aplicación para a composición e arranxos de cancións.

3. Ademais pola tarde teremos 2 horas para preguntas e poder intercambiar impresións e experiencias. Intentaranse aclarar dúbidas sobre:

- Equipos.
- Diferentes sons.
- Efectos.
- Instrumentos.
- Accesorios, etc...



ALBERTO CEREIJO (A Coruña, 1967)

Na escola **Estudio de Compostela** estuda harmonía, composición, improvisación, solfexo, polirritmia, instrumento, etc... É no **Conservatorio Oficial de Música de Ourense**, estuda guitarra, solfexo e canto coral. Graduouse e realiza un Máster no **Musicians Institute de Hollywood** no departamento de **Guitar Institute of Technology**.

Comezou a tocar en bandas locais (de Ourense) como "Alquitrán" e "Reina del Alba". En 1989 entra a formar parte de "Los Suaves". Grava un par de discos en solitario e funda unha nova banda, **ECO**, coa que grava outro disco.

Foi declarado mellor guitarrista nacional en varias ocasións, por varios medios de comunicación e por votación popular.

BAIXO ELÉCTRICO

Prólogo: O baixo eléctrico: "O que? Ese é o que soa máis baixo, non é?"

1. **Breve repaso á historia do baixo eléctrico:** desde cando o baixo eléctrico non era nin baixo, nin moito menos eléctrico, até o Ampeg SVX.
2. **O baixo eléctrico hoxe:** "E se ten menos cordas, por que non é nin máis pequeno nin máis fácil de tocar?" Modelos e características.
3. **O amplificador:** "xa a min me parecía que soaba baixo demais...". Válvulas e transistores, combos e cabezais, efectos e procesadores. Eses xoguetiños todos...
4. **Como dirían os Beatles, All together now!** O baixo dentro do grupo.
5. **O baixo no escenario:** "A carón do pescozo, á altura dos xeonllos... Onde carallo me colgo este morto?!"
6. **O baixo no estudio de gravación.** Pulso, groove, beat, swing, feeling, e outras palabrotas polo estilo...
7. **Basta de teoría!** Pero de que carallo estamos a falar todo este tempo?! Escoitando uns cantos exemplos.
8. **Co baixo nas mans:** Menos samba e máis traballar. Introducción ás distintas técnicas de execución.
9. **Uns cantos consellos prácticos á hora de nos achegar a un baixo eléctrico.** Conservar a saúde (ou, cando menos, os dedos nas mans) tampouco está demais...

Epílogo: Pero se aquí os que ligan son os cantantes e os guitarristas, para qué meternos en líos? O mundo visto desde dentro dun grupo: outro xeito de entender a vida.



PEDRO FEIJOO BARREIRO (VIGO, 1975)

"Son músico, produtor, toco o baixo eléctrico dende os 14 anos, e estou convencido de que non hai máis relixión que os Ramones".

Tocou como Baixista en **The Menciales, Kgben, Los Feliz**, e actualmente e dende o 2003, faíno en **Lamatumbá**. Con todas estas bandas ten publicados distintos traballos.

Ten traballado con **Maestro Reverendo, Bersuit Vergarabat, Betagarri, Tom Trovador...**

Como produtor, aprendeu e traballou a carón de **Paco "Loco" Martínez, Eugenio Muñoz, Kaki Arkarazo, Jesús Arispont, Javier Abreu, ou, Segundo Grandío**, firmando traballos de bandas como **Skarnio, Annie Hall, Guezos, Transilvanians**, ou os propios **Lamatumbá**. É tamén autor do libro **Viva o Fu Remol** (Ed. Xerais).

BATERÍA

1. **Control das baquetas e posicionamento ante o instrumento** para evitar lesións musculares.
2. **Xeito de agarre e golpeo coas baquetas.**
3. **Técnicas de estudio:**
 - Rudimentos de caixa: golpes simples, golpes dobres, tresillos, alternancia de mans (paradiddles), mordentes (flams).
 - Inclusión do bombo e o charles como acompañamento do estudio coa caixa.
 - Xogos e aperturas de charles.
4. **Emprego do metrónomo** para asentir o pulso durante o estudio de caixa e na execución de patróns rítmicos.
5. **Estudio de diferentes estilos rítmicos e diversas fusións**.
6. **Organización do tempo de estudio. Optimización:** estudio de rudimentos, patróns, improvisación; estudio temas de repertorio propio; preparativos para unha sesión de gravación en estudio...
7. **Selección de métodos de estudio** (para caixa e para batería; diversos autores).
8. **Internet.** Unha ferramenta para avanzar cos tempos...
9. **Demostración práctica:** Unha hora de estudio organizada en catro seccións de 15 minutos cada unha:
 - Rudimentos de caixa.
 - Rudimentos co bombo, charles e caixa.
 - Estudio dun patrón rítmico.
 - Estudio dun tema de repertorio propio
10. **Audición de varias baterías.**
11. **Os alumnos contactan coa batería** (tocata e fuga redobranter).
12. **Importancia da versatilidade dun batería** (de cara a progresar individualmente e como xeito de optar a tocar con diversas bandas dun xeito satisfactorio).
- 13.- **Conclusións.** Preguntas e respostas ou respostas a preguntas... (Respostas sen preguntas e preguntas sen resposta...). Suxestións varias...



FRAN AMIL (A Coruña, 1971)

Estudou solfexo na **Asociación Sementeira**. Ademais de batería é compositor e letrista.

Tocou a batería en: **Os Papaqueixos, Alberto Mbundi e A Turma Angolagalega, Ruxe Ruxe, Banda Potemkin, Os Diplomáticos, Tirando P'adelante, Taru e Os Paxaros Coiro**, cos que gravou varios discos e temas soltos. Tocou tamén en diversas orquestras, ademais de ser colaborador de diferentes músicos como **Mercedes Peón, Guillermo Lancelotti, Pablo Díaz**, etc.

Actualmente toca en **Os Tres Trebóns e Ultrãqans**.

Recentemente dúas cancións súas foron escollidas como parte da banda sonora da película "A casa da luz", recentemente rodada e en fase de postproducción.